

PENSANDO EN TI

In memoriam a miña nai 21-2-2012

**Moi de mañanciña te levantache,
reverberando eximio amor,
nada mais en aquelarte.
a impía moura te arrebatou.**

**E dende entón, a miña alma chora,
meu corazón quebra coa dor,
todo o meu ser no teu añora,
escudriñando insondable albor.**

**Entre orballadas voute buscando,
entre as tebras, a soidade,
ó silenzo eu vou tentando,
ó Máis Alá no meu cós hale.**

**Para apreixarte mai querida,
coma de meniña soía facer,
simíl fervor que nos unía,
acrisolando noso querer.**

**Mais, a mágoa se encruece,
engrandece po la madrugada,
ante o eco que se enmudece,
a expandirme túa voz amada.**

**Amado son ó que acodía,
de cotío en vezo meu corazón,
ás vegadas con gran delicia,
noutras ateigado de desazón.**

**Ó teu que cadora predisposto,
nada mais verme a ti chegar,
todo pesar en foulas se ía ó vento,
a hilaridade ó seu lugar.**

**Agora naiciña, vou sobor pegadas,
entre tersuras do teu pasar,
buscando imaxe, unhas palabras,
mínio vestixio ha de abondar.**

**Para mirarme na túa ollada,
saberte perto do meu existir,
estiñarme na doce calma,
da túa tersa alma, meu elixir.**

**Acadando despexo, nídeo horizonte,
que como estrela me alumarás,
ista miña vida, vagantío norte,
desque naiciña, ti xa non estás.**

ANA ARIAS SAAVEDRA